



ACADEMIA DE FARMACIA DE GALICIA



Premio *Julián Francisco Suárez Freire* da Academia de Farmacia de Galicia para Xóvenes Investigadores patrocinado por COFAÇA e COFARO

A Academia de Farmacia de Galicia convoca o Premio *Julián Francisco Suárez Freire* para un investigador menor de 35 anos que teña publicado un traballo orixinal, realizado nunha institución galega sobre un tema relacionado co medicamento desde as súas fases temperás de I+D á cadea de distribución.

O traballo tivo que ser publicado no ano 2014, nunha revista científica indexada no *Journal Citation Reports*. Se se trata dun traballo realizado en colaboración con outros autores, o solicitante deberá figurar como primeiro firmante.

Cada candidato poderá concorrer cun único traballo.

O premio consistirá nun Diploma acreditativo e 3,000 €. Poderase outorgar un diploma de calidade/excelencia a un segundo traballo, que destaque polas súas cualidades.

Non se aceptarán traballos premiados previamente por outras institucións.

As solicitudes, nas que se farán constar os datos persoais do autor (domicilio, teléfono, correo electrónico), acompañadas dunha fotocopia do DNI ou pasaporte e tres copias impresas do traballo que se presenta ao premio, remitiranse por correo certificado á Secretaría da Academia de Farmacia de Galicia (Rúa San Roque, nº2. 15704-Santiago de Compostela). Ademais, remitirase unha copia da documentación por correo electrónico á dirección academiadefarmaciadegalicia@gmail.com. O prazo de presentación finaliza o día 9 de Febreiro de 2015.

O xurado encargado de examinar os traballos estará constituído por cinco membros, dos que polo menos tres serán Académicos Numerarios e dous propostos polos patrocinadores. Para a adxudicación del premio terase en conta a orixinalidade e o nivel científico do traballo, o seu carácter innovador e a súa posible repercusión no ámbito científico, histórico, económico e social. Se ningún dos traballos presentados acada o nivel requirido, o xurado poderá declarar o premio deserto.

Unha vez finalizado o proceso de valoración, o resultado comunicaraselles a todos os concursantes. As decisións do xurado son inapelables.

A entrega dos premios efectuarase no acto de Apertura do Curso da Academia de Farmacia de Galicia, que terá lugar o día 25 de Febreiro de 2015.

A Academia poderá requirir ao investigador premiado para que expoña publicamente o seu traballo dentro das actividades programadas pola Institución. Os investigadores premiados non poderán participar en posteriores convocatorias.

Santiago de Compostela, 9 de Xaneiro de 2015

Asdo. Dr. D. Manuel Puga Pereira

Presidente

www.academiadefarmaciadegalicia.gal



ACADEMIA DE FARMACIA DE GALICIA



Premio *Julián Francisco Suárez Freire* de la Academia de Farmacia de Galicia para Jóvenes Investigadores patrocinado por COFAÇA y COFARO

La Academia de Farmacia de Galicia convoca el *Premio Julián Francisco Suárez Freire* para un investigador menor de 35 años que haya publicado un trabajo original, realizado en una institución gallega sobre un tema relacionado con el medicamento desde sus fases tempranas de I+D a la cadena de distribución.

El trabajo deberá haber sido publicado en el año 2014, en una revista científica indexada en el *Journal Citation Reports*. Si se trata de un trabajo realizado en colaboración con otros autores, el solicitante deberá figurar como primer firmante.

Cada candidato podrá concurrir con un único trabajo.

El premio consistirá en un Diploma acreditativo y 3,000 €. Se podrá otorgar un diploma de calidad/excelencia a un segundo trabajo, que destaque por sus cualidades.

No se aceptarán trabajos premiados previamente por otras instituciones.

Las solicitudes, en las que se harán constar los datos personales del autor (domicilio, teléfono, correo electrónico), acompañadas de una fotocopia del DNI o pasaporte y tres copias impresas del trabajo que se presenta al premio, se remitirán por correo certificado a la Secretaría de la Academia de Farmacia de Galicia (*Rúa San Roque, n.º 2. 15704-Santiago de Compostela*). Además, se remitirá una copia de la documentación por correo electrónico a la dirección academiadefarmaciadegalicia@gmail.com. El plazo de presentación finaliza el día 9 de Febrero de 2015.

El jurado encargado de examinar los trabajos estará constituido por cinco miembros, de los que al menos tres serán Académicos Numerarios y dos propuestos por los patrocinadores. Para la adjudicación de los premios se tendrá en cuenta la originalidad y el nivel científico del trabajo, su carácter innovador y su posible repercusión en el ámbito científico, histórico, económico y social. Si ninguno de los trabajos presentados alcanza el nivel requerido, el jurado podrá declarar el premio desierto.

Una vez finalizado el proceso de valoración, el resultado se comunicará a todos los concursantes. Las decisiones del jurado son inapelables.

La entrega de los premios se efectuará en el acto de Apertura del Curso de la Academia de Farmacia de Galicia, que tendrá lugar el día 25 de Febrero de 2015.

La Academia de Farmacia de Galicia podrá requerir al investigador premiado para que exponga públicamente su trabajo dentro de las actividades programadas por la Institución. Los investigadores premiados no podrán participar en posteriores convocatorias.

Santiago de Compostela, 9 de Enero de 2015

Fdo. Dr. D. Manuel Puga Pereira
Presidente

www.academiadefarmaciadegalicia.gal